



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Exposición pública do padrón das taxas polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas

ANUNCIO

ASUNTO: Aprobación padrón subministración auga - 1º trimestre 2026

Exposición pública do Padrón das Taxas polos Servizos de Subministración de auga e conservación de contadores e acometidas.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, correspondente ao 1º trimestre de 2026, o citado padrón estará disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Tedelle, 1 bx, A Baña, en horario de 11:0 a 13:30 horas, os xoves, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso – administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 11:00 a 13:30 os xoves.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata 4 de XULLO 2026, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A Baña, a 8 de abril de 2026

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

2026/2172